

RESERVA/ADMISIÓN - CURSO 2020/21

(Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Orde do 18 de decembro de 2020 DOG do 22/12/2020)

- **Reserva de Praza:** os alumnos das unitarias de Camporrapado e de Sergude (que cursarán 1º de primaria no CPI Antonio Orza Couto) e alumnado de 4º da ESO (que cursará Bacharelato no IES Pontepedriña ou Lamas de Abade) poderán facer a reserva de praza do **11 de xaneiro ao 8 febreiro** no centro de orixe presentando o (anexo I), ou a través da páxina <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/> se dispoñen de certificado dixital ou chave365.
- **Solicitud de admisión:** (Só alumnado de novo ingreso) As solicitudes axustaranse ao modelo oficial (anexo II) que será facilitado gratuitamente no centro ou que se poderá descargar da páxina <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>. Xunto coa solicitude de admisión deberá acompañarse o documento acreditativo da idade (libro de familia ou dni) e de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa.

Zonas de influencia do CPI Antonio Orza Couto (servizo de transporte gratuito e comedor segundo renda)

Parroquia de Loureda
Parroquia de vigo
Parroquia de Lamas
Parroquia de Gastrar
Parroquia de Boqueixón
Parroquia de A Granxa
Parroquia de Codeso
Parroquia de Donas
Parroquia de Ledesma

Na Parroquia de Sergude as seguintes zonas: **Deseiro, area de influencia antiga unitaria da Susana e Rodiño grande**

- **Prazo de solicitudes.** O prazo de presentación de solicitudes de admisión será do **1 ao 20 de marzo**, ambos os dous incluídos. E poderá presentarse a través da internet na paxina da xunta **AdmisiónAlumnado** (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) para o que fará falta dispoñer de certificado electrónico ou da chave365, ou directamente, na secretaría do noso centro.
- **Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo.** Só no caso en que a demanda de prazas escolares sexa superior as que ofrece o centro no período comprendido **do 23 de marzo ao 2 de abril**. A **presentación** desta documentación **ten carácter voluntario**. A falta de presentación impedirá a súa valoración.
- **Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos antes do 25 de abril. Reclamacións á listaxe provisional, 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación**
- **Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos. Antes do 15 de maio.**
- **Formalización de matrícula:** Os prazos de formalización de matrícula para o alumnado de novo ingreso, serán os seguintes:
 - b) Do 20 de xuño ao 30 de xuño: para o alumnado de educación infantil e primaria **de novo ingreso** no centro.
 - c) Do 25 de xuño ao 10 de xullo para o alumnado de ESO que supere o curso en xuño.
 - d) Prazo extraordinario do 1 ao 10 de setembro para o alumnado de ESO.

Nota: Todos aqueles pais/nais/titores que desexen visitar as instalacións do centro, poderán facelo de luns a venres en horario lectivo. Dirixirse á secretaría do centro.